



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Oficina Orzamentaria

Aprobación inicial dos expedientes M2/2025 e M3/2025, modificativos do orzamento de 2025

ANUNCIO

O Concello Pleno, en sesión ordinaria realizada o día 6 de novembro de 2025, aprobou inicialmente os expedientes M2/2025 de concesión dun suplemento de crédito, e M3/2025 de concesión dun suplemento de crédito e unha baixa por anulación de créditos do Orzamento 2025.

Os referidos expedientes permanecerán expostos ao público, despois da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación, no Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos, sito no número 20 da rúa Franja, e no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es/>, durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no citado boletín oficial, a efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o teor do disposto no artigo 169.1, en relación co 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL).

Se ao remate do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, os expedientes consideraranse definitivamente aprobados, segundo o establecido na aludida lexislación.

Publícase para os efectos previstos na lexislación citada.

A Coruña, 6 de novembro de 2025

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica

2025/7306